



.....  
**O MUNDO DO PORVIR: BICENTENARIO DO  
NACEMENTO DE CONCEPCIÓN ARENAL  
PONTE (1820-2020)**

# **ALIANZAS ENTRE MULLERES DENTRO E FÓRA DO CÁRCERE**

.....

**Fundación Luís Seoane**

A Coruña

Venres, 23 de outubro de 2020 ás 18:00 horas



O 31 de xaneiro de 1820 nacía en Ferrol a pensadora e escritora Concepción Arenal Ponte. Douscentos anos despois do seu nacemento, queremos conmemorar esa efeméride analizando o seu legado e valorando a súa vixencia, con rigor e tratando de evitar os anacronismos, coa finalidade de difundir a súa obra e pensamento, entre un público interesado, mais non só especializado, para que se coñeza, máis alá do seu nome e dalgunhas frases soltas descontextualizadas, e en especial aquelas ideas que, aínda hoxe, gozan de maior actualidade e interese. Realizaremos ese percorrido retrospectivo pola súa biografía e obra a través dos lugares do país que máis a marcaron: Ferrol, A Coruña e Vigo. E remataremos en Santiago de Compostela, onde daremos conta da súa proxección internacional. Queremos honrar así unha figura destacada da nosa historia cuxa fonda pegada aínda permanece.

### **ALIANZAS ENTRE MULLERES DENTRO E FÓRA DO CÁRCERE**

A Coruña ocupa un lugar destacado na biografía de Concepción Arenal. Nesta cidade recibiu o seu nomeamento como “Visitadora de prisións de mulleres”, desenvolveu un inmenso traballo intelectual e tamén un importante labor de activismo social vinculado ás persoas máis desfavorecidas e, en especial, ás mulleres, sobre todo ás presas. Na maioría deses proxectos contou coa colaboración de Juana de Vega, condesa de Espoz y Mina, ademais de participar na súa tertulia. Analizaremos a singularidade da súa intervención no espazo público, así como o seu achegamento ás excluídas na prisión.

16 de outubro. Ateneo de Ferrol

23 de outubro. Fundación Luís Seoane, A Coruña

29 de outubro. MARCO, Vigo

6 de novembro. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela

# Programa

---

18:00 horas

*Contextualización biográfica e intelectual*

**Celia Pereira Porto**, avogada laboralista e membro da Sección de Pensamento do CCG

*Vínculos de Concepción Arenal Ponte con Juana de Vega, Rosalía de Castro e Emilia Pardo Bazán*

**Pilar García Negro**, profesora de Filoloxía Galega da Universidade da Coruña

*A exclusión das excluídas: mulleres, prisión e dereito*

**Yolanda Ferreiro Novo**, avogada en Praza Avogados

Debate

## **Organiza**

Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos (CCG)  
Consello da Cultura Galega

## **Colabora**

Instituto de Estudios Coruñeses José Cornide  
Fundación Luis Seoane

## **Coordina**

Celia Pereira Porto

## **Lugar**

Fundación Luís Seoane  
Rúa San Francisco, 27  
15001, A Coruña

## **Inscripción**

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (40 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

## **Máis información**

[www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)

[difusion@consellodacultura.gal](mailto:difusion@consellodacultura.gal)

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

.....

**Organiza:**



**Colabora:**

